

**AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE  
INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I  
ANO 2007  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

No Diario Oficial de Galicia do día 16 de outubro de 2007 publicase a orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se convocan as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Galego de I+d+i, ano 2007.

## LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. Na presente convocatoria a Consellería de Innovación e Industria non considera válidos os Rexistros da Universidades a efectos de presentación de solicitudes. Isto significa que as propostas deberán ser presentadas e remitidas vía rexistros xerais admitidos pola Administración Pública (*Oficina de Correos; rexistros válidos,...*) antes das 00 horas dos día **16 de novembro**.
2. Para facilitar o rexistro e envío das solicitudes dentro do prazo establecido, os interesados achegaran á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Santiago/Lugo) un orixinal e unha copias da solicitude, coa antelación suficiente para que o representante legal as poida asinar.
3. A OIT tramitará directamente á Consellería aquelas propostas que sexan entregadas nas dependencias da OIT (Edificio CACTUS) ou no na delegación da OIT do Campus de Lugo, **antes das 14h do día 13 de novembro**.

No que respecta as propostas que sexan depositadas con posterioridade á data establecida no parágrafo anterior, a OIT tramitará a sinatura do representante legal, debendo ser rexistradas e remitidas directamente polo interesado

4. Co fin de poder cumprir o prazo establecido, prérgase a tódolos interesados se absteñan de remitir esta documentación ós rexistros xerais da USC ni por correo, salvo que se faga con tempo suficiente. Na medida do posible, a documentación requirida deberá presentarse directamente nas dependencias da OIT (Lugo ou Santiago).

## FORMULARIOS DE SOLICITUDES

Os formularios de solicitudes das axudas deberanse obter necesariamente no enderezo de internete <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/> ou <http://www.xunta.es/servizos>

## INCOMPATIBILIDADES

O artigo 2º.2 establece *“As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo fin. Ademais, tamén serán incompatibles coas axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En concreto, non poderán ser beneficiarios das axudas convocadas nestas bases os grupos de investigación do SUG, que reciban subvención nas modalidades de Grupos de referencia competitiva por actividades de investigación e Unidades de transferencia da citada convocatoria. Así*



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía  
Unidade de Xestión da Produción Científica e Tecnolóxica  
Edificio CACTUS – Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

*mesmo, serán incompatibles coa subvención para Grupos emerxentes (modalidade d) na convocatoria 2007 durante a súa vixencia.*

## DOCUMENTACIÓN

A documentación poderá obterse do seguinte xeito:

- A xustificación da composición do grupo e as xustificacións da realización de proxectos de investigación de convocatorias competitivas e actividades de transferencia, na Unidade de Xestión da Produción Científica e Tecnolóxica da OIT. Enderezo electrónico [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es) (ext. 16201).
- A xustificación dos sexenios/quinquenios de investigación no Servizo de Xestión de Persoal, Sección de Xestión de Profesorado (ext. 11341, 11343).
- A xustificación das teses de doutoramento no Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua ([cptf@usc.es](mailto:cptf@usc.es)) ext. 14360

## DATOS DE INTERESE

CIF da USC:	Q 1518001-A
Representante legal	SENÉN BARRO AMENEIRO
Teléfono:	981547050 ext 16201
Telefax:	981547077
Correo electrónico	<a href="mailto:cittinfo@usc.es">cittinfo@usc.es</a>
Dirección:	Edificio Cactus, Campus Universitario Sur
Código Postal:	15782 Santiago

## INFORMACIÓN

Para consultar calquera dubida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Consellería de Innovación e Industria:

Telefono: 981 54 10 98

Enderezo electrónico: [info.pxixunta.es](mailto:info.pxixunta.es)

OIT:

Extensión: 16217

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a tódolos investigadores a súa colaboración neste proceso

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2007  
A Vicerreitora de Investigación e Innovación  
María José Alonso Fernández